

**ACTA NÚM. 5 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA
CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 24 DE ABRIL DE 2020.
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:05 horas** do día **24 de abril de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez (presente no salón de sesións)
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:


Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez (presente no salón de sesións)
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)



CONCELLO DE SANTIAGO

Dona Navia Rivas de Castro.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Se presupón ao non manifestar ningún dos asistentes o contrario que todos se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

Punto 1. Ratificación de inclusión dos puntos a tratar na orde do día.

Punto 2. Aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos da sesión.

Punto 3. Proposta de modificación das ordenanzas fiscais número 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público e 3.24 da taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local.

Punto 4. Proposta de modificación das Bases de Execución do Orzamento Municipal do exercicio 2020.

Antes de empezar a tratar os puntos da orde do día gárdase un minuto de silencio en recordo ás vítimas do coroa virus e especialmente ao que fora concelleiro da Corporación D. Dositeo Rodríguez Rodríguez.


1. RATIFICACIÓN DE INCLUSIÓN DOS PUNTOS A TRATAR NA ORDE DO DÍA.

Os asistentes a sesión acordan por unanimidade a ratificación de inclusión dos puntos a tratar na orde do día.

2. APROBACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN NOMINAL PARA A ADOPCIÓN DOS ACORDOS DA SESIÓN.

Os asistentes á sesión acordan por unanimidade a aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos que conforman a orde do día.

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMERO 0.00 XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E 3.24 DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.



CONCELLO DE SANTIAGO

A proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de 20 de abril de 2020, é a seguinte:

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMERO 0.00 XERAL DE XESTIÓN, RECAUDACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E 3.24 DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. VERSIÓN REFUNDIDA

ANTECEDENTES

1. Con data do 27 de marzo do 2020 a concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación, Réxime Interior e Modernización da Administración Local, incoou expediente de modificación de ordenanzas fiscais para facer fronte a situación da crise sanitaria provocada polo COVID-19.

2. Con data do 1 de abril, a concelleira delegada emite primeira proposta de modificación de ordenanzas fiscais, nos seguintes termos:

“1.- ORDENANZA 0.00 ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

1.- Inclusión da disposición transitoria primeira para a modificación do calendario fiscal regulado no artigo 25 dos ingresos públicos que se xestionan por recibo. A redacción proposta é a seguinte:


“Os períodos para pagar os tributos e outros ingresos públicos de carácter periódico que se xestionan por recibo, regulados no artigo 25.1 desta ordenanza, serán os seguintes no ano 2020:

a) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica: desde o 5 de marzo ata o 5 de xullo, ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior).

b) Imposto sobre Bens Inmóveis -Urbana, Rústica, e de características especiais-: desde o 5 de xullo ata o 5 de outubro, ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior).

c) Taxas por ocupación de vía pública (vados) (mesas e cadeiras) e calquera outra taxa por ocupación de vía pública que se xestione por padrón: desde o 5 de maio ata o 5 de agosto ambos incluídos (oo día hábil inmediato posterior).

d) Imposto sobre Actividades Económicas: desde o 20 de setembro ata o 20 de novembro, ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior)”



CONCELLO DE SANTIAGO

2.- *Inclusión da disposición transitoria segunda para a modificación do prazo para acollerse ao sistema especial de pago regulado no artigo 26: A redacción proposta é a seguinte:*

“Para acceder ao sistema especial de pago, regulado no artigo 26 desta ordenanza, os obrigados ao pago deberán notificar formalmente á Administración tributaria municipal a adhesión a este sistema antes do día 1 de xuño do ano 2020”

2.- ORDENANZA 3.24 DE TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

1.- *Inclusión da disposición transitoria primeira para a modificación da tarifa básica do artigo 6.2.g correspondente á taxa pola ocupación do dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa. A redacción proposta é a seguinte:*

“No exercicio 2020 a tarifa básica (PB) regulada no artigo 6.2.g reducirase proporcionalmente aos días que dure o estado de alarma”

1. Con data do 10 de abril e á vista do informe emitido pola Asesoría Xurídica Municipal á proposta do 1 de abril, reformúlase a proposta inicial, quedando redactada do seguinte xeito:

“1.- ORDENANZA 0.00 ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO


1.- *Inclusión dun artigo 25 bis para a modificación do calendario fiscal regulado no artigo 25 dos ingresos públicos que se xestionan por recibo.*

A redacción proposta é a seguinte:

“No suposto de declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, excepción e sitio, habilítase á Xunta de Goberno Local a adaptar o calendario fiscal co fin de facilitar o pago das obrigas tributarias á cidadanía”

2.- *Inclusión dun artigo 26.bis para a modificación do prazo para acollerse ao sistema especial de pago regulado no artigo 26: A redacción proposta é a seguinte:*

“No suposto de declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, excepción e sitio, habilítase á Xunta de Goberno Local a modificar a data límite para acollerse ao sistema especial de pago, regulado no artigo 26 desta ordenanza”.



CONCELLO DE SANTIAGO

2.-ORDENANZA 3.24 DE TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

1.- *Inclusión do artigo 6.2.g bis en relación coa taxa pola ocupación do dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa. A redacción proposta é a seguinte:*

“Nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase á ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a tarifa básica (PB) regulada no artigo 6.2.g reducirase proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación””.

1. Con data do 19 de abril, emite proposta de modificación adicional coa finalidade de: (1) reducir o límite de débeda para poder aprazar ou fraccionar o pago e (2) Modificar os prazos do sistema especial de pago do IBI, nos termos que e expoñen a continuación:

“1.- ORDENANZA 0.00 ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

1.- Modificación do importe mínimo de débeda para conceder aprazamentos e fraccionamentos. Esta modificación afecta aos apartados a.3, a.4 e b.1 do artigo 27.5 e á letra a do artigo 27.6

A redacción proposta é a seguinte:

Apartado a.3 do artigo 27.5: *“Para débedas de importe inferior a 150 euros”*.

Apartado a.4 do artigo 27.5: *“Para débedas de vencemento periódico e notificación colectiva de importe superior a 150 euros para as que non este habilitado o sistema especial de pago.”*

Apartado b.1 do artigo 27.5: *“Cando o conxunto das débedas incluídas no expediente executivo teñan un importe inferior a 150 euros”*.

Letra a do artigo 27.6: *“Débedas superiores a 150,00 euros ata 3.000,00 euros: fraccionaranse liquidándose un 25% ao contado e seis períodos bimensuais por un 12,5% mais os intereses. O aprazamento concederáse por un máximo de 12 meses”*

2.- Reformulación do artigo 26.bis proposto con data do 10 de abril do 2020 (para modificar a data límite para acollerse ao sistema especial de pago), para modificar as datas de pago das cotas tributarias fraccionadas do Imposto de Bens Inmóbeis mediante o SEP. A redacción proposta é a seguinte:

“No suposto de declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, excepción e sitio, habilítase á Xunta de Goberno Local a modificar a data límite para acollerse ao sistema especial de pago e para modificar as datas de abono mediante

domiciliación das cotas tributarias fraccionadas mediante o sistema especial de pago, regulado no artigo 26 desta ordenanza”

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Completada a tramitación do expediente de modificación de ordenanzas fiscais, cómpre refundir nun único documento, a proposta definitiva.

En consecuencia, propónse a aprobación pola Xunta de Goberno Local das seguintes modificacións das ordenanzas reguladoras dos ingresos de dereito público, para que entren en vigor ao día seguinte da publicación do acordo de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado das ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

1.- ORDENANZA 0.00 ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

1.- Inclusión dun artigo 25 bis para a modificación do calendario fiscal regulado no artigo 25 dos ingresos públicos que se xestionan por recibo.

A redacción proposta é a seguinte:

“No suposto de declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, excepción e sitio, habilítase á Xunta de Goberno Local a adaptar o calendario fiscal co fin de facilitar o pago das obrigas tributarias á cidadanía”


2.- Inclusión dun artigo 26.bis para a modificación do prazo para acollerse ao sistema especial de pago (SEP) e para modificar as datas de pago das cotas tributarias fraccionadas do Imposto de Bens Inmóbeis mediante o SEP regulado no artigo 26.

A redacción proposta é a seguinte:

“No suposto de declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, excepción e sitio, habilítase á Xunta de Goberno Local a modificar a data límite para acollerse ao sistema especial de pago e para modificar as datas de abono mediante domiciliación das cotas tributarias fraccionadas mediante o sistema especial de pago, regulado no artigo 26 desta ordenanza”.

3.- Modificación do importe mínimo de débeda para conceder aprazamentos e fraccionamentos. Esta modificación afecta aos apartados a.3, a.4 e b.1 do artigo 27.5 e á letra a do artigo 27.6

A redacción proposta é a seguinte:



CONCELLO DE SANTIAGO

Apartado a.3 do artigo 27.5: *“Para débedas de importe inferior a 150 euros”.*

Apartado a.4 do artigo 27.5: *“Para débedas de vencemento periódico e notificación colectiva de importe superior a 150 euros para as que non este habilitado o sistema especial de pago.”*

Apartado b.1 do artigo 27.5: *“Cando o conxunto das débedas incluídas no expediente executivo teñan un importe inferior a 150 euros”.*

Letra a do artigo 27.6: *“Débedas superiores a 150,00 euros ata 3.000,00 euros: fraccionaranse liquidándose un 25% ao contado e seis períodos bimensuais por un 12,5% mais os intereses. O aprazamento concederáse por un máximo de 12 meses”*

2.-ORDENANZA 3.24 DE TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

1.- Inclusión do artigo 6.2.g bis en relación coa taxa pola ocupación do dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa. A redacción proposta é a seguinte:

“Nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase á ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a tarifa básica (PB) regulada no artigo 6.2.g reduciráse proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación”

A vista da proposta transcrita e dos demais informes que figuran no expediente e sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e Popular (10 PSdeG-PSOE, 8 PP) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do CA e BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

A aprobación provisional das seguintes modificacións de ordenanzas fiscais:

1.- ORDENANZA 0.00 ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

1.- Inclusión dun artigo 25 bis para a modificación do calendario fiscal regulado no artigo 25 dos ingresos públicos que se xestionan por recibo.

A redacción aprobada é a seguinte:

“No suposto de declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, excepción e sitio, habilítase á Xunta de Goberno Local a adaptar o calendario fiscal co fin de facilitar o pago das obrigas tributarias á cidadanía”

2.- Inclusión dun artigo 26.bis para a modificación do prazo para acollerse ao sistema especial de pago (SEP) e para modificar as datas de pago das cotas tributarias fraccionadas do Imposto de Bens Inmóbeis mediante o SEP regulado no artigo 26.

A redacción aprobada é a seguinte:

“No suposto de declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, excepción e sitio, habíltase á Xunta de Goberno Local a modificar a data límite para acollerse ao sistema especial de pago e para modificar as datas de abono mediante domiciliación das cotas tributarias fraccionadas mediante o sistema especial de pago, regulado no artigo 26 desta ordenanza”.

3.- Modificación do importe mínimo de débeda para conceder aprazamentos e fraccionamentos. Esta modificación afecta aos apartados a.3, a.4 e b.1 do artigo 27.5 e á letra a do artigo 27.6

A redacción aprobada é a seguinte:

Apartado a.3 do artigo 27.5: *“Para débedas de importe inferior a 150 euros”.*

Apartado a.4 do artigo 27.5: *“Para débedas de vencemento periódico e notificación colectiva de importe superior a 150 euros para as que non este habilitado o sistema especial de pago.”*

Apartado b.1 do artigo 27.5: *“Cando o conxunto das débedas incluídas no expediente executivo teñan un importe inferior a 150 euros”.*


Letra a do artigo 27.6: *“Débedas superiores a 150,00 euros ata 3.000,00 euros: fraccionaranse liquidándose un 25% ao contado e seis períodos bimensuais por un 12,5% mais os intereses. O aprazamento concederase por un máximo de 12 meses”*

2.- ORDENANZA 3.24 DE TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

1.- Inclusión do artigo 6.2.g bis en relación coa taxa pola ocupación do dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa. A redacción aprobada é a seguinte:

“Nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase á ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a tarifa básica (PB) regulada no artigo 6.2.g reducirase proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación”

Este acordo provisional expoñerase no taboleiro de edictos da Tesourería Municipal durante trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Publicarase así mesmo no Boletín



CONCELLO DE SANTIAGO

Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia. No caso de non producirse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario. No resto da tramitación estarase ao disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2020.

A proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de 15 de abril de 2020, e a seguinte:

“REF: 12/2020

INFORME - PROPOSTA

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020.

1. NORMATIVA APLICABLE.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos (en adiante RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.


Bases de execución do orzamento do exercicio 2020.

Resolución de 06.04.2020 da Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á aprobación das <<Instrucións de establecemento e de xestión: regulación dos Anticipos de Caixa Fixa>>.

Restante normativa xeral e de concordante aplicación.

2. ANTECEDENTES.

O Concello-Pleno na sesión extraordinaria celebrada en data de 2 de marzo de 2020 prestou aprobación inicial ao orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela -incluíndo as súas bases de execución-, do seu organismo autónomo Auditorio de Galicia e das sociedades mercantís de capital integramente municipal INCOLSA e TUSSA así como o cadro de persoal para o exercicio 2020.



CONCELLO DE SANTIAGO

No BOP nº 44 de 5 de marzo, publicouse o anuncio de exposición ao público do antedito expediente -do 6 ao día 27 de marzo-. Na ausencia de reclamacións -certificación emitida polo Secretario Xeral do Pleno de data 31 de marzo de 2020- e, segundo o establecido no artigo 169.1 do TRLRFL, considérase definitivamente aprobado.

No BOP nº 57 de 3 de abril de 2020 publicouse o acordo de aprobación definitiva do orzamento xeral, entrando en vigor o día 6 de abril de 2020 -primeiro día hábil despois da súa publicación-.

Con data de 27.03.2020 a Concelleira delegada de Economía e Facenda ditou a providencia de inicio para a posta en marcha dos Anticipos de Caixa Fixa (ACF en diante) no Concello de Santiago de Compostela.

Con data de 30.03.2020, a oficina orzamentaria redactou unha memoria xustificativa e unha proposta de instrucións que servira de base para a regulación dos ACF no Concello.


Con data de 01.04.2020 a intervención municipal emite informe en relación coa proposta de instrucións remitida establecendo unhas recomendacións que foron incorporadas nun documento definitivo cuxa proposta foi realizada pola oficina orzamentaria en data de 03.04.2020.

Con data de 06.04.2020 a Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, con base na proposta formulada, asinou decreto de aprobación das <<Instrucións de establecemento e de xestión: regulación dos Anticipos de Caixa Fixa>>, establecendo que as presentes instrucións deberán ser incorporadas ás Bases de Execución do Orzamento en vigor mediante a modificación destas en base ao acordo que ao efecto adopte o Pleno da Corporación.

3. CONSIDERACIÓNS.

A crise sanitaria xerada pola epidemia causada pola “COVID-19”, así como a aplicación das medidas decretadas para frear a súa expansión previstas no RD 463/2020, do 14 de marzo, deron lugar a unha situación excepcional que demanda a satisfacción inmediata de necesidades de todo tipo.

Nesta situación, a prontitude esixida á actuación municipal conduce indefectiblemente a pór a disposición da concello de todos aqueles instrumentos de xestión do gasto e do pago que sexan necesarias co fin de mobilizar e axilizar todos os recursos dispoñibles da administración en aras a tentar de mitigar os efectos sanitarios e económicos que está a provocar a situación de crise sinalada.



CONCELLO DE SANTIAGO

Con este fin, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada de 13.03.2020 acordou a declaración de situación extraordinaria e urxente, habilitando o réxime excepcional da tramitación de emerxencia -procedemento de contratación regulado no art. 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público- para todos aqueles contratos de imprescindible celebración que se teñan que levar a cabo con motivo da situación de crise xerada.

Neste contexto, é vontade do grupo de goberno municipal, en aras a axilizar e mellorar a xestión económica municipal, desenvolver o procedemento especial de pago previsto no artigo 190.3 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, denominado ***anticipos de caixa fixa***.

O artigo 190.3 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regula os anticipos de caixa fixa.

“Artículo 190. Pagos a justificar. Anticipos de caja fija.

3. Para las atenciones de carácter periódico o repetitivo, los fondos librados a justificar podrán tener el carácter de anticipos de caja fija. Los perceptores de estos fondos quedarán obligados a justificar la aplicación de las cantidades percibidas a lo largo del ejercicio presupuestario en que se constituyó el anticipo.”


Os artigos 73 a 76 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de setembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos regula de maneira mais pormenorizada os anticipos de caixa fixa.

“Art. 73.

1. Para las atenciones corrientes de carácter periódico o repetitivo, tales como dietas, gastos de locomoción, material de oficina no inventariable, conservación y otros de similares características, los fondos librados a justificar podrán tener el carácter de anticipos de caja fija (artículo 171.3 LRHL).

2. Tendrán la consideración de anticipos de caja fija las provisiones de fondos de carácter no presupuestario y permanente que se realicen a pagadurías, cajas y habilitaciones para la atención inmediata y posterior aplicación al Presupuesto del año en que se realicen, de los gastos a que se refiere el apartado anterior.

3. Las provisiones en concepto de anticipos de caja fija se realizarán en base a una resolución dictada por la Autoridad competente para autorizar los pagos y se aplicarán inicialmente al concepto no presupuestario que, a tal objeto, se determine.



CONCELLO DE SANTIAGO

4. En ningún caso la cuantía global de los anticipos de caja fija podrá exceder de la cantidad que, a tal efecto, fije el Pleno de la Entidad.

Art. 74.

1. Los cajeros, pagadores y habilitados que reciban anticipos de caja fija, rendirán cuentas por los gastos atendidos con los mismos, a medida que sus necesidades de Tesorería aconsejen la reposición de los fondos utilizados, siempre de acuerdo con las normas que, a tal efecto, se dicten por el Pleno de la Entidad.

2. Las órdenes de pago de reposición de fondos se expedirán con aplicación a los conceptos presupuestarios a que correspondan las cantidades debidamente justificadas y por el importe de las mismas, previa presentación y aprobación por la Autoridad competente de las correspondientes cuentas.

3. Los fondos no invertidos que, en fin de ejercicio, se hallen en poder de los respectivos cajeros, pagadores o habilitados, se utilizarán por éstos, en el nuevo ejercicio, para las atenciones para las que el anticipo se concedió.

4. En cualquier caso, los perceptores de estos fondos quedarán obligados a justificar la aplicación de los percibidos a lo largo del ejercicio presupuestario en que se constituyó el anticipo, por lo que, al menos, en el mes de diciembre de cada año, habrán de rendir las cuentas a que se refiere el apartado 1 de este artículo (artículo 171.3 LRHL).

Art. 75.

1. Las Entidades Locales podrán establecer en las bases de ejecución del Presupuesto, previo informe de la Intervención, las normas que regulen los anticipos de caja fija.

2. Las citadas normas deberán determinar, necesariamente:

a) Partidas presupuestarias cuyos gastos se podrán atender mediante anticipos de caja fija.

b) Límites cuantitativos.

c) Régimen de reposiciones.

d) Situación y disposición de los fondos.

e) Contabilidad y control.

3. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 1 de este artículo las Entidades Locales podrán incluir la regulación de los anticipos de caja fija en los reglamentos o normas generales de ejecución del Presupuesto.

Art. 76.

Los anticipos de caja fija serán objeto del adecuado seguimiento contable.”

O base 34 das Bases de Execución do orzamento do exercicio 2020, en relación cos anticipos de caixa fixa, establece: *“Delégase na Concellería delegada de Economía e Facenda a competencia para ditar as instrucións para o seu establecemento e xestión”*

A regulación dos anticipos de caixa fixa é unha regulación orzamentaria que ten por obxecto o establecemento dun sistema específico de pagos para determinados gastos imputables ao capítulo II de gastos correntes en bens e servizos do orzamento municipal cuxa característica común reside en ser periódicos ou repetitivos, de forma que se procede primeiro ao pago e posteriormente, se procede a realizar os trámites correspondentes á ordenación do gasto.

A delimitación do ámbito de aplicación, pasa pola determinación do concepto de “gasto periódico e repetitivo” e pola enumeración dos casos nos que é aplicable, enumeración que, en calquera caso, é aberta. A nota que identifica o tipo de gasto periódico e repetitivo é a súa posible imputación ao capítulo II do orzamento (gastos correntes e de servizos). Se trata sempre de gastos ordinarios de funcionamento que se materializan en prestacións sucesivas que son habituais e repetitivas, para os que unha boa xestión non xustifica, nin fai conveniente, seguir os mais lentos procedementos ordinarios.

Trátase, en definitiva, de proporcionar aos centros xestores do Concello dun sistema áxil de pagos de determinadas obrigas, cuxo establecemento ven motivado por razóns de eficacia e eficiencia administrativa, adecuada á propia natureza dos gastos a satisfacer e a súa menor contía, resultando fundamental para o normal desenvolvemento da actividade municipal.


No relativo ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesado poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Por todo o antedito fórmulase a seguinte:

4. PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a modificación da base 34 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 no sentido de incluír nunha nova base, a **-base 34. Bis**, as instrucións de establecemento e de xestión dos Anticipos de Caixa Fixa ditadas pola



CONCELLO DE SANTIAGO

Concelleira delegada de Economía e Facenda na súa resolución de 06.04.2020 seguindo as directrices fixadas na propia base 34^a.

Polo antedito, a nova base 34^a.Bis das bases de execución do orzamento para este exercicio 2020, trala modificación proposta, queda como segue:

“Base 34^a. Bis. Anticipos de Caixa Fixa: instrucións de establecemento e de xestión.

1.- CONCEPTO

1.- Son anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter extraorxamentario e permanente que se realicen a pagadorías, caixas e ás habilitacións para a atención inmediata, e posterior aplicación ao capítulo de gastos correntes en bens e servizos do orzamento do ano no que se efectúen, de gastos periódicos ou repetitivos, como os referentes a axudas de custo, gastos de locomoción, material non inventariable, conservación, mantemento, tracto sucesivo e outros de similares características.

2.- Os importes satisfeitos por tal concepto imputaráselle contablemente ao concepto de operacións de tesouro-debedoras, que determine a Intervención xeral.

3.- O carácter permanente das provisións implica, por unha parte, a non periodicidade das sucesivas reposicións de fondos que se realizarán de acordo coas necesidades de tesourería de cada momento, e por outra, que non sexa necesario a cancelación dos anticipos de caixa fixa ao peche de cada exercicio.


2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN E LÍMITES

1.- O Alcalde-presidente poderá establecer, despois do informe da Intervención xeral, o sistema de anticipos de caixa fixa, mediante acordo ou resolución, e a súa contía global non poderá exceder do 7 por 100 do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do Orzamento de gastos vixente. A estes efectos, o capítulo II deberá ser obxecto de axustes minorando a súa contía polo importe daquelas dotacións de consignación orxamentaria de contía relevante que tiveran por finalidade atender a gastos exclusivos do propio exercicio económico (consignacións para atender resolucións xudiciais que condenen á Administración municipal ao cumprimento de obrigas pecuniarias, indemnizacións, u outras consignacións similares).

2.- Nas resolucións administrativas polas que se autoricen a concesión de cada anticipo de caixa fixa especificaranse como mínimo os seguintes aspectos:

Os gastos que poden pagarse por este sistema.

Importe máximo que poden acadar a totalidade das provisións de fondos que se poden chegar a realizar nun ano.



CONCELLO DE SANTIAGO

Importe máximo do gasto que pode ser abonado a través do ACF no caso de que este fora diferente ao fixado nestas instrucións con carácter xeral para todos os gastos a satisfacer a través deste sistema especial de pagos.

Os caixeiros pagadores.

As contas restrinxidas da caixa fixa que se abren.

3.- Unicamente se poderán tramitar a través do sistema de anticipos de caixa fixa os gastos que a continuación se relacionan en atención á clasificación económica da estrutura dos orzamentos das Entidades locais:

Reparacións, mantemento e conservación: gastos imputables ao artigo 21 do estado de gastos do orzamento.

Material e subministracións: gastos imputables aos conceptos 220, 221, 222, 223 e 226.

Indemnizacións por razón do servizo: gastos imputables aos conceptos 230, 231 e 233.

Excepcional e dun xeito motivado, outros gastos.

4.- A contía de cada gasto satisfeito con estes fondos, salvo supostos excepcionais debidamente xustificadas polo habilitado pagador ou caixeiro, non pode ser superior a 500 euros.

Sen embargo, coa debida motivación, a resolución de constitución de cada ACF poderá incrementar ou incluso limitar dita contía máxima por gasto fixando un importe superior ou inferior, cando a natureza destes gastos a canalizar a través da Caixa fixa así o fagan aconsellable.

5.- No propio acordo de adopción do sistema de anticipos de caixa fixa ou ben en acordos posteriores poderase especificar a distribución por caixas pagadores do gasto máximo fixado para “conceptos e períodos determinados”.

6.- No caso de que existan modificacións de crédito que diminúan os correspondentes ao capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos, será preciso un novo acordo co axuste da distribución por caixas pagadoras á nova situación, as caixas afectadas reintegrarán o que proceda, con aplicación ao concepto extraorxamentario do que se efectuou a provisión. Se as modificacións dos créditos orxamentarios incrementasen o importe destes, poderase acordar o aumento do importe dos anticipos de caixa fixa concedidos, especificando as caixas pagadoras afectas e sempre co límite máximo establecido. No caso de que se produzan incrementos no capítulo II, aos efectos de cálculo do novo límite máximo deberase ter en consideración o establecido no apartado 1 no sentido do destino do novo crédito a incrementar.

7.- Os fondos librados en concepto de caixa fixa teñen a condición de fondos públicos e forman parte da tesourería da entidade ata que a persoa habilitada pague aos acredores finais. Polo tanto, as cantidades que se entreguen ás habilitadas non supoñen unha saída de fondos da Tesourería Municipal senón unha mera descentralización a unha conta restrinxida de pagos. Os saldos de estas contas restrinxidas de pagos,

formarán parte da Acta de Arqueo, e como establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, polo que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local, o seu saldo se terá en conta para o cálculo dos fondos líquidos aos efectos de obtención do Remanente Líquido de Tesourería.

3.- CONCESIÓN DE ANTICIPOS E SITUACIÓN DOS FONDOS

Con observación do establecido nestas Instrucións e na vixente normativa de Administración financeira que nas mesmas se indica, a constitución de cada Anticipo de Caixa Fixa realizarase mediante resolución administrativa da autoridade competente para autorizar os pagos, previa solicitude motivada do máximo responsable administrativo de cada área ou centro xestor.

Na devandita solicitude haberá de designarse a un habilitado-pagador, que deberá ser funcionario de carreira ou persoal laboral fixo adscritos á área ou ao centro xestor solicitante, podendo designarse, así mesmo, un substituto para caso de vacante, ausencia ou enfermidade, producíndose o seu nomeamento na propia resolución de constitución da caixa fixa mediante pronunciamento expreso para o efecto.

Así mesmo, na referida solicitude solicitarase a apertura da conta corrente vinculada ao anticipo de caixa fixa, que será autorizada expresamente na resolución de concesión, a cal requirirá que pola Tesourería municipal se proceda á súa efectiva apertura conforme os procedementos que esta teña establecidos.

O importe dos mandamentos de pago que supoñan a constitución dos anticipos de caixa fixa abonaranse por transferencia bancaria ás contas correntes asociadas aos ACF abertas para o efecto nas entidades de crédito.

Estas contas non poderán recibir outros fondos que os procedentes do Concello polas provisións e reposicións pertinentes.


Como titular destas contas figurará o Excmo. Concello de Santiago de Compostela, debéndose identificar como conta vinculada ao ACF de que se trate, constituíndose o habilitado e o Concelleiro Delegado da Área ou Centro Xestor a que estea adscrita a caixa correspondente como autorizados para a disposición de fondos na mesma.

Os intereses que se debeñan ingresarase na Tesourería municipal, aplicándose ao correspondente concepto de ingresos.

4.- PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN

Os gastos que teñan que atenderse con anticipos de caixa fixa deberán seguir a tramitación establecida en cada caso, da que quedará constancia documental.

5.- DISPOSICIÓN DE FONDOS



CONCELLO DE SANTIAGO

A disposición de fondos efectuarase mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizados coa sinatura mancomunada do caixeiro pagador ou habilitado e do concelleiro/a delegado da unidade administrativa á que estea adscrita a caixa pagadora, ou dos seus substitutos, sen que en ningún caso poida ser unha mesma persoa a que realice ambas substitucións.

6.- XUSTIFICACIÓN E REPOSICIÓN DE FONDOS

1.- A medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os habilitados renderán contas polos gastos atendidos cos ACF ante a Intervención municipal.

Xunto coa conta xustificativa os habilitados achegarán as facturas e demais documentos orixinais que xustifiquen a aplicación dos fondos.

Unha vez informadas as contas xustificativas pola Intervención, devolveranse aos habilitados-pagadores que as elevarán á Concelleira delegada da Área de Economía e Facenda para a súa aprobación.

A vista do Decreto de aprobación da conta xustificativa, procederase á imputación das cantidades debidamente xustificadas ás aplicacións orzamentarias correspondentes e a correlativa reposición de fondos.


Non poderá procederse á reposición de fondos sen a previa aprobación da conta xustificativa.

A reposición de fondos requirirá resolución da autoridade competente para autorizar os pagos.

2.- En calquera caso, os perceptores destes fondos quedarán obrigados a xustificar a aplicación dos fondos percibidos ao longo do exercicio orzamentario en que se constituíu o anticipo, polo que, alo menos, haberán de render contas no mes de decembro de cada exercicio económico, levándose a cabo a aplicación orzamentaria e contable pertinente, cancelándose o anticipo e reintegrándose nas arcas municipais o importe non disposto. Todo iso sen prexuízo de que se efectúen os trámites precisos para que o primeiro día hábil do exercicio seguinte estean en vigor os novos anticipos de caixa que resulten imprescindibles.

3.- A xustificación da aplicación dos fondos levarase a cabo mediante unha conta xustificativa asinada polo habilitado, acompañada das facturas e demais documentos orixinais que xustifiquen a aplicación dos fondos, na que poderá verificarse que:

Os gastos efectuados correspóndense con atencións de carácter periódico ou repetitivo tal como esixen os artigos 190.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo



CONCELLO DE SANTIAGO

que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 73.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril.

A totalidade dos gastos foron efectuados no exercicio orzamentario.

Consta factura ou comprobante substitutivo nos termos do artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para todos os gastos.

Consta o recibín do acredor ou documento que acredite o pago do importe correspondente.

4.- Aqueles gastos de importe inferior a 5.000,00 euros que se satisfagan polo sistema de anticipos de caixa fixa non estarán obrigados a presentar factura electrónica acreditativa dos mesmos.

5.- Os habilitados pagadores ou caixeiros que reciban as provisións de fondos correspondentes aos Anticipos de Caixa Fixa estarán suxeitos ao réxime de responsabilidades que estableza a normativa vixente e deberán reintegrar a Entidade local as cantidades non invertidas ou non xustificadas.

7.- PROCEDIMIENTO DE CONTABILIZACIÓN

En canto á contabilización dos ACF atenderase ao disposto na vixente Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

A constitución dos anticipos de caixa fixa contabilizaranse como movemento interno de tesourería en base a resolución ditada pola autoridade competente para autorizar os pagos e aplicaranse inicialmente ao concepto non orzamentario que se determine. Simultaneamente, procederase a efectuar unha retención de crédito polo importe da provisión inicial nas aplicacións orzamentarias en relación coas cales se autorizou a constitución do anticipo.

Aprobada a conta xustificativa, expediranse as ordes de pago de reposición de fondos con aplicación aos conceptos orzamentarios a que correspondan as cantidades xustificadas. Na expedición destas ordes de pago non se utilizarán as retencións de crédito efectuadas, salvo que se teña esgotado o crédito dispoñible, ou cando, polo avanzado do exercicio ou outras razóns, non proceda a reposición de fondos. Nese caso, os pagos xustificadas imputaranse ás respectivas aplicacións orzamentarias con cargo as retencións de crédito.”

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos aplicables á aprobación do orzamento da entidade a que se refiren os artigos 169 e seguintes do TRLRFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

A vista da proposta transcrita e dos demais informes que figuran no expediente e sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por 23 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e CA (10 PSdeG-PSOE, 8 PP, 5 CA) e 2 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación da base 34 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 no sentido de incluír nunha nova base, a **-base 34. Bis**, as instrucións de establecemento e de xestión dos Anticipos de Caixa Fixa ditadas pola Concelleira delegada de Economía e Facenda na súa resolución de 06.04.2020 seguindo as directrices fixadas na propia base 34^a.

Polo antedito, a nova base 34^a.Bis das bases de execución do orzamento para este exercicio 2020, trala modificación proposta, queda como segue:

“Base 34^a. Bis. Anticipos de Caixa Fixa: instrucións de establecemento e de xestión.

1.- CONCEPTO

1.- Son anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter extraorxamentario e permanente que se realicen a pagadorías, caixas e ás habilitacións para a atención inmediata, e posterior aplicación ao capítulo de gastos correntes en bens e servizos do orzamento do ano no que se efectúen, de gastos periódicos ou repetitivos, como os referentes a axudas de custo, gastos de locomoción, material non inventariable, conservación, mantemento, tracto sucesivo e outros de similares características.

2.- Os importes satisfeitos por tal concepto imputaráselle contablemente ao concepto de operacións de tesouro-debedoras, que determine a Intervención xeral.

3.- O carácter permanente das provisións implica, por unha parte, a non periodicidade das sucesivas reposicións de fondos que se realizarán de acordo coas necesidades de tesourería de cada momento, e por outra, que non sexa necesario a cancelación dos anticipos de caixa fixa ao peche de cada exercicio.

2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN E LÍMITES

1.- O Alcalde-presidente poderá establecer, despois do informe da Intervención xeral, o sistema de anticipos de caixa fixa, mediante acordo ou resolución, e a súa contía global non poderá exceder do 7 por 100 do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do Orzamento de gastos vixente. A estes efectos, o capítulo II deberá ser obxecto de axustes minorando a súa contía polo importe daquelas dotacións de consignación orxamentaria de contía relevante que tiveran por finalidade atender a

gastos exclusivos do propio exercicio económico (consignacións para atender resolucións xudiciais que condenen á Administración municipal ao cumprimento de obrigas pecuniarias, indemnizacións, u outras consignacións similares).

2.- Nas resolucións administrativas polas que se autoricen a concesión de cada anticipo de caixa fixa especificaranse como mínimo os seguintes aspectos:

Os gastos que poden pagarse por este sistema.

Importe máximo que poden acadar a totalidade das provisións de fondos que se poden chegar a realizar nun ano.

Importe máximo do gasto que pode ser abonado a través do ACF no caso de que este fora diferente ao fixado nestas instrucións con carácter xeral para todos os gastos a satisfacer a través deste sistema especial de pagos.

Os caixeiros pagadores.

As contas restrinxidas da caixa fixa que se abren.

3.- Unicamente se poderán tramitar a través do sistema de anticipos de caixa fixa os gastos que a continuación se relacionan en atención á clasificación económica da estrutura dos orzamentos das Entidades locais:

Reparacións, mantemento e conservación: gastos imputables ao artigo 21 do estado de gastos do orzamento.

Material e subministracións: gastos imputables aos conceptos 220, 221, 222, 223 e 226.

Indemnizacións por razón do servizo: gastos imputables aos conceptos 230, 231 e 233.

Excepcional e dun xeito motivado, outros gastos.

4.- A contía de cada gasto satisfeito con estes fondos, salvo supostos excepcionais debidamente xustificados polo habilitado pagador ou caixeiro, non pode ser superior a 500 euros.

Sen embargo, coa debida motivación, a resolución de constitución de cada ACF poderá incrementar ou incluso limitar dita contía máxima por gasto fixando un importe superior ou inferior, cando a natureza destes gastos a canalizar a través da Caixa fixa así o fagan aconsellable.

5.- No propio acordo de adopción do sistema de anticipos de caixa fixa ou ben en acordos posteriores poderase especificar a distribución por caixas pagadores do gasto máximo fixado para “conceptos e períodos determinados”.

6.- No caso de que existan modificacións de crédito que diminúan os correspondentes ao capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos, será preciso un novo acordo co axuste da distribución por caixas pagadoras á nova situación, as caixas afectadas reintegrarán o que proceda, con aplicación ao concepto extraorzamentario do que se efectuou a provisión. Se as modificacións dos créditos orzamentarios incrementasen o importe destes, poderase acordar o aumento do importe dos anticipos

de caixa fixa concedidos, especificando as caixas pagadoras afectas e sempre co límite máximo establecido. No caso de que se produzan incrementos no capítulo II, aos efectos de cálculo do novo límite máximo deberase ter en consideración o establecido no apartado 1 no sentido do destino do novo crédito a incrementar.

7.- Os fondos librados en concepto de caixa fixa teñen a condición de fondos públicos e forman parte da tesourería da entidade ata que a persoa habilitada pague aos acredores finais. Polo tanto, as cantidades que se entreguen ás habilitadas non supoñen unha saída de fondos da Tesourería Municipal senón unha mera descentralización a unha conta restrinxida de pagos. Os saldos de estas contas restrinxidas de pagos, formarán parte da Acta de Arqueo, e como establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, polo que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local, o seu saldo se terá en conta para o cálculo dos fondos líquidos aos efectos de obtención do Remanente Líquido de Tesourería.

3.- CONCESIÓN DE ANTICIPOS E SITUACIÓN DOS FONDOS

Con observación do establecido nestas Instrucións e na vixente normativa de Administración financeira que nas mesmas se indica, a constitución de cada Anticipo de Caixa Fixa realizarase mediante resolución administrativa da autoridade competente para autorizar os pagos, previa solicitude motivada do máximo responsable administrativo de cada área ou centro xestor.


Na devandita solicitude haberá de designarse a un habilitado-pagador, que deberá ser funcionario de carreira ou persoal laboral fixo adscritos á área ou ao centro xestor solicitante, podendo designarse, así mesmo, un substituto para caso de vacante, ausencia ou enfermidade, producíndose o seu nomeamento na propia resolución de constitución da caixa fixa mediante pronunciamento expreso para o efecto.

Así mesmo, na referida solicitude solicitarase a apertura da conta corrente vinculada ao anticipo de caixa fixa, que será autorizada expresamente na resolución de concesión, a cal requirirá que pola Tesourería municipal se proceda á súa efectiva apertura conforme os procedementos que esta teña establecidos.

O importe dos mandamentos de pago que supoñan a constitución dos anticipos de caixa fixa abonaranse por transferencia bancaria ás contas correntes asociadas aos ACF abertas para o efecto nas entidades de crédito.

Estas contas non poderán recibir outros fondos que os procedentes do Concello polas provisións e reposicións pertinentes.

Como titular destas contas figurará o Excmo. Concello de Santiago de Compostela, debéndose identificar como conta vinculada ao ACF de que se trate, constituíndose o habilitado e o Concelleiro Delegado da Área ou Centro Xestor a que estea adscrita a caixa correspondente como autorizados para a disposición de fondos na mesma.



CONCELLO DE SANTIAGO

Os intereses que se debeñan ingresaranse na Tesourería municipal, aplicándose ao correspondente concepto de ingresos.

4.- PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN

Os gastos que teñan que atenderse con anticipos de caixa fixa deberán seguir a tramitación establecida en cada caso, da que quedará constancia documental.

5.- DISPOSICIÓN DE FONDOS

A disposición de fondos efectuarase mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizados coa sinatura mancomunada do caixeiro pagador ou habilitado e do concelleiro/a delegado da unidade administrativa á que estea adscrita a caixa pagadora, ou dos seus substitutos, sen que en ningún caso poida ser unha mesma persoa a que realice ambas substitucións.

6.- XUSTIFICACIÓN E REPOSICIÓN DE FONDOS

1.- A medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os habilitados renderán contas polos gastos atendidos cos ACF ante a Intervención municipal.

Xunto coa conta xustificativa os habilitados achegarán as facturas e demais documentos orixinais que xustifiquen a aplicación dos fondos.

Unha vez informadas as contas xustificativas pola Intervención, devolveranse aos habilitados-pagadores que as elevarán á Concelleira delegada da Área de Economía e Facenda para a súa aprobación.

A vista do Decreto de aprobación da conta xustificativa, procederase á imputación das cantidades debidamente xustificadas ás aplicacións orzamentarias correspondentes e a correlativa reposición de fondos.

Non poderá procederse á reposición de fondos sen a previa aprobación da conta xustificativa.

A reposición de fondos requirirá resolución da autoridade competente para autorizar os pagos.

2.- En calquera caso, os perceptores destes fondos quedarán obrigados a xustificar a aplicación dos fondos percibidos ao longo do exercicio orzamentario en que se constituíu o anticipo, polo que, alo menos, haberán de render contas no mes de decembro de cada exercicio económico, levándose a cabo a aplicación orzamentaria e contable pertinente, cancelándose o anticipo e reintegrándose nas arcas municipais o importe non disposto. Todo iso sen prexuízo de que se efectúen os trámites precisos

para que o primeiro día hábil do exercicio seguinte estean en vigor os novos anticipos de caixa que resulten imprescindibles.

3.- A xustificación da aplicación dos fondos levarase a cabo mediante unha conta xustificativa asinada polo habilitado, acompañada das facturas e demais documentos orixinais que xustifiquen a aplicación dos fondos, na que poderá verificarse que:

Os gastos efectuados correspóndense con atencións de carácter periódico ou repetitivo tal como esixen os artigos 190.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 73.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril.

A totalidade dos gastos foron efectuados no exercicio orzamentario.

Consta factura ou comprobante substitutivo nos termos do artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para todos os gastos.

Consta o recibín do acredor ou documento que acredite o pago do importe correspondente.

4.- Aqueles gastos de importe inferior a 5.000,00 euros que se satisfagan polo sistema de anticipos de caixa fixa non estarán obrigados a presentar factura electrónica acreditativa dos mesmos.


5.- Os habilitados pagadores ou caixeiros que reciban as provisións de fondos correspondentes aos Anticipos de Caixa Fixa estarán suxeitos ao réxime de responsabilidades que estableza a normativa vixente e deberán reintegrar a Entidade local as cantidades non invertidas ou non xustificadas.

7.- PROCEDIMIENTO DE CONTABILIZACIÓN

En canto á contabilización dos ACF atenderase ao disposto na vixente Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

A constitución dos anticipos de caixa fixa contabilizaranse como movemento interno de tesourería en base a resolución ditada pola autoridade competente para autorizar os pagos e aplicaranse inicialmente ao concepto non orzamentario que se determine. Simultaneamente, procederase a efectuar unha retención de crédito polo importe da provisión inicial nas aplicacións orzamentarias en relación coas cales se autorizou a constitución do anticipo.

Aprobada a conta xustificativa, expediranse as ordes de pago de reposición de fondos con aplicación aos conceptos orzamentarios a que correspondan as cantidades xustificadas. Na expedición destas ordes de pago non se utilizarán as retencións de crédito efectuadas, salvo que se teña esgotado o crédito dispoñible, ou cando, polo avanzado do exercicio ou outras razóns, non proceda a reposición de fondos. Nese caso,



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

os pagos xustificados imputaranse ás respectivas aplicacións orzamentarias con cargo as retencións de crédito.”

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos aplicables á aprobación do orzamento da entidade a que se refiren os artigos 169 e seguintes do TRLRFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

O señor alcalde pecha a sesión cando son as 18:12 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández